



VIGO ACOLLERÁ A PRESENTACIÓN DUN PROXECTO PARA IMPLANTAR AS TICs EN PEMES DE GALICIA E PORTUGAL

Santiago, luns 6 de xuño.- O Instituto de Desenvolvemento Caixanova de Vigo acollerá o vindeiro día 8 a presentación nesta cidade do proxecto europeo CIC-Commerce, unha iniciativa financiada pola UE e pola Xunta de Galicia que pretende implantar as novas tecnoloxías entre pequenas empresas dos sectores da ferretería, os electrodomésticos e os materiais de construción do sur de Galicia e do norte de Portugal.

No marco deste proxecto e de modo totalmente gratuíto, proporcionaráselles ás empresas que participen nel unha ferramenta que lles permitirá simplificar e axilizar unha grande parte das súas tarefas habituais.

Entre outras posibilidades, este servizo permite actualizar automaticamente as tarefas dos provedores, consultar stocks en tempo real e emitir pedidos a través do ordenador.

O acto de presentación desta plataforma contará coa presenza de representantes da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial, entidade promotora da iniciativa. Participarán nel así mesmo a Asociación de Empresas Adicadas a Internet (EGANET) e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

O proxecto CIC-Commerce ten como obxectivo darlles a coñecer as posibilidades do comercio electrónico aos distribuidores de artigos de ferretería, electrodomésticos e materiais de construción, sectores que poden resultar especialmente beneficiados da incorporación das novas tecnoloxías da información e das comunicacións (TICs).

Esta iniciativa foi impulsada pola Fundación para o Fomento da Calidade industrial e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, dependente da Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia, e conta coa colaboración do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) a Asociación de Empresas Adicadas a Internet (EGANET) e o Instituto de Desenvolvemento e Inovação do Minho (IDITE-MINHO).

Ademais, CIC-Commerce está apoiado por importantes cooperativas e asociacións de Galicia, como a Asociación de Empresarios de Materiales de Construcción (ASEMACO); Ferreteros Asociados de Galicia (FEASGA); Central Electrodomésticos del Noroeste S.A.; e as cadeas de distribuidores de electrodomésticos San Luis; Uniserc; Vicoso e Fonomark.

Para máis información, contactar con Xana García no número de teléfono 981 56 98 10